Acta da sesión da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 1 de abril de 2024.
(Sesión constitutiva)

[XASM/PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do Pazo do Parlamento, co fin de constituír a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 1 de abril de 2024, ás 12:20 horas, reúnense as deputadas e os deputados designados por cada un dos grupos parlamentarios constituídos na Cámara, que se relacionan ao longo desta acta. Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Miguel Ángel Santalices Vieira (presidente) preside a sesión xunto con María Elena Candia López (vicepresidenta 1º), María Montserrat Prado Cores (vicepresidenta 2ª), Ethel María Vázque Mourelle (secretaria) que dá fe do acto e Patricia Iglesias Rey (vicesecretaria).

Asisten como asesores o letrado oficial maior, Xosé Antón Sarmiento Méndez, e a letrada, Purificación López Gómez.

Para estes efectos, remitíuselles a convocatoria a todas as deputadas e a todos os deputados adscritos á Comisión coa seguinte **orde do día:**

"Punto 1.º- Constitución.

Punto 2.º- Elección da Mesa (artigo 41 do Regulamento)".

Punto 1.º- Constitución.

A Presidencia solicita da secretaria a lectura dos nomes dos membros designados polos grupos parlamentarios para integrar a Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, co fin de verificar a existencia de quórum e de que poida constituírse formalmente esta Comisión.

Asisten os seguintes deputados e deputadas:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Javier Arias Fouz
José Manuel Balseiro Orol
Silvestre José Balseiros Guinarte
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
María Martínez Allegue
María Victoria Núñez López
Carmen María Pomar Tojo
Roberto Rodríguez Martínez

PARLAMENTO DE GALICIA

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Logo da comprobación da existencia de quórum, o presidente declara constituída a Comisión.

Punto 2. Elección da Mesa da Comisión (art. 41 e 36 do Regulamento)

De seguido, de conformidade co preceptuado no artigo 41 do Regulamento do Parlamento de Galicia, procédese á elección da Mesa desta comisión de acordo co procedemento establecido no artigo 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia, en votación separada para a presidencia, vicepresidencia e secretaría, cuxa votación será secreta por papeletas tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados. (Art. 41, 36.1 e 91.1.2.ª RPG).

A Presidencia lembra ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética.

Así mesmo, salienta que resultará elixido presidente ou presidenta quen obteña na primeira votación maioría absoluta (9 votos), e de non se dar esta circunstancia, efectuarase unha nova votación entre os que acadasen as dúas maiores votacións e resultará elixido quen obteña máis votos.

Pola súa parte, resultarán elixidos vicepresidenta ou vicepresidente e secretaria ou secretario quen obteña máis votos.

Logo da distribución das papeletas para realizar as votacións sucesivas e independentes dos membros da Mesa, a secretaria efectúa o chamamento das deputadas e dos deputados e, dos escrutinios, obtivéronse os seguintes resultados:

Presidente/a:

Carmen María Pomar Tojo ..... 9 votos
En branco..... 8 votos
Total de votos emitidos..... 17 votos

PARLAMENTO DE GALICIA

Queda proclamada **presidenta Carmen María Pomar Tojo, do G.P. Popular de Galicia**.

Vicepresidente/a:

María Martínez Allegue..... 9 votos
En branco ..... 8 votos
Total de votos emitidos..... 17votos

Queda proclamada **vicepresidenta María Martínez Allegue, do G.P. Popular de Galicia**.

Secretario/a:

Paulo Ríos Santomé.....7 votos
En branco ..... 10 votos
Total de votos emitidos ..... 17 votos

Queda proclamado **secretario Paulo Ríos Santomé, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**.

Despois do remate das votacións e da proclamación dos resultados, a **Mesa e a Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** quedan configuradas como segue:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
María Martínez Allegue
(Vicepresidenta)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Javier Arias Fouz
José Manuel Balseiro Orol
Silvestre José Balseiros Guinarte
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
María Victoria Núñez López
Roberto Rodríguez Martínez

PARLAMENTO DE GALICIA

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Ao non haber máis asuntos que tratar, a señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:30 horas.

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.04.04 12:59:57 +02'00'

V. e pr.
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ethel María Vázquez Mourelle, Secretaria

Firmado digitalmente por Ethel María Vázquez Mourelle, Secretaria
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Ethel María Vázquez Mourelle, Secretaria, email=ethel.vazquez.mourelle@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.04.04 12:59:31 +02'00'

Ethel María Vázquez Mourelle
Secretaria